

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE MARZO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o transporte sanitario.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que aproba definitivamente o "Proxecto sectorial 02_14 de infraestruturas de telecomunicacións de nova implantación xestionadas por Retegal" para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para contratar, de xeito centralizado, a prestación do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012).



- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e adxudicación baseada en multicriterios, do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012), polo importe de licitación de dous millóns cincocentos vinte e seis mil setecentos noventa e sete euros con vinte e oito céntimos (2.526.797,28 euros), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de catro millóns cincocentos noventa e catro mil cento setenta e seis euros con oitenta e oito céntimos (4.594.176,88 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Cospeito para a execución da obra: "Infraestruturas básicas no concello de Cospeito. 2ª Fase. Cospeito (Lugo)", clave OH.227.621, por importe de setecentos nove mil cincocentos corenta e un euros con sesenta e tres céntimos (709.541,63 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Vedra para a execución da obra: "Saneamento e depuración nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase I. Vedra (A Coruña)", clave OH.315.1098, por importe de cincocentos noventa e un mil oitocentos trinta e cinco euros con dezanove céntimos (591.835,19 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, asinado o 2 de outubro de 2013, por un importe total de cento noventa e dous mil cincocentos dezaseis euros (192.516,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Barrié para a colaboración no programa de actividades sobre Víctor Said Armesto "Victor Said Armesto: A lección dun cidadán libre" por un importe total de cento oitenta mil euros (180.000,00 euros).



INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas galegas 2015.
- Informe sobre a creación da aceleradora de innovación Agrobiotech en Ourense e Lugo.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Plan de inspección de servizos sociais 2015.



A XUNTA OFERTARÁ 373 PRAZAS DE EMPREGO NA OEP DE 2015 E VAI REFORZAR A LOITA CONTRA A FRAUDE, AS ESCALAS DE GARDACOSTAS E VETERINARIOS E OS SERVIZOS SOCIAIS

- ***O número de prazas multiplícase por sete respecto ao pasado ano***
- ***É a maior oferta de emprego que se aproba para a Administración xeral desde 2008***
- ***Un 7% resérvase para persoas con discapacidade, con prazas específicas para a discapacidade intelectual***
- ***Do total de postos ofertados, 265 serán de acceso libre***
- ***Esta OEP súmase ás 446 prazas no eido da educación e ás 344 no Sergas, ata acadar as 1.163 prazas ofertadas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público (OEP) para o ano 2015, pola que a Administración autonómica sacará a oposición 373 prazas no ámbito da función pública, sete veces máis que o ano anterior. A Xunta vai reforzar a loita contra a fraude fiscal, os órganos especializados da Administración -como as escalas de gardacostas ou o de veterinarios- e os servizos sociais, entre outras áreas.

A oferta de emprego público para este ano é a maior que aproba a Administración galega no ámbito da Función Pública desde 2008. Estas 373 prazas súmanse ás 446 en Educación e ás 344 no Sergas, ata acadar as 1.163 prazas que vai ofertar a Xunta de Galicia neste 2015.

Do total de postos ofertados nesta OEP, 265 prazas serán de acceso libre e 108 para promoción interna. Destas últimas, destaca a oferta para a promoción ao corpo Auxiliar da Xunta C2 (36 prazas); ao grupo Administrativo da Xunta C1 (30 prazas); e ao Corpo de Xestión A2 (20 prazas).

En canto ás Escalas de Administración Especial, a Xunta ofertará 48 prazas na escala de veterinarios, 20 prazas na escala técnica do Servizo de Gardacostas, 17 prazas na escala de profesores de institutos marítimo-pesqueiros e oito prazas na escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos. A OEP de 2015 tamén inclúe 26 prazas no grupo IV do persoal laboral, para auxiliares de enfermería.

Con respecto á reserva de prazas para persoas con algún tipo de discapacidade, o Goberno galego aposta por manter a porcentaxe do 7% das vacantes. Como novidade, por primeira vez na historia da Autonomía haberá unha reserva de prazas específica do 2% para a discapacidade intelectual. Ademais, esta oferta de emprego cumpre coa taxa de reposición do 50% establecida na Lei de orzamentos do Estado para 2015.



Oferta

Do total das 373 prazas ofertadas nesta OEP, 239 postos pertencen á Administración Xeral e 102 á Administración especial. As 32 prazas restantes destínanse a cubrir dúas categorías de persoal laboral, as de auxiliar de enfermaría e ordenanza.

O Estatuto básico do empregado público establece que as ofertas de emprego son un instrumento de planificación dos recursos humanos dispoñibles e definen e cuantifican os efectivos en función das necesidades e prioridades derivadas da planificación xeral dos recursos humanos.

ANEXOS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2015:

ADMINISTRACIÓN XERAL:

Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)

-Escala de Letrados.....	4
-Escala superior de Finanzas.....	14
-Escala superior de Estatísticos.....	4
-Escala de Informáticos.....	4
-Corpos Xerais.....	44

Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)

-Escala Técnica de Finanzas.....	10
-Corpos Xerais.....	29

Corpo administrativo da Xunta de Galicia (Subgrupo C1)

- Total.....	50
--------------	----

Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (Subgrupo C2)

- Total.....	80
--------------	----

ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:

Corpo facultativo superior da Xunta (subgrupo A1)

- Escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos.....	8
-Escala de Veterinarios.....	48
-Escala de profesores numerarios (inst. marítimo-pesqueiros).....	17



Corpo facultativo de grao medio da Xunta (Subgrupo A2)

- Escala de Enxeñeiros técnicos de obras públicas.....3
- Escala de Subinspección urbanística.....3

Corpo de axudantes facultativos (Subgrupo C1)

- Escala de delineantes.....3
- Escala técnica do servizo de Gardacostas.....20

PERSOAL LABORAL:

Grupo IV:

- Auxiliar de Enfermaría.....26

Grupo V:

- Ordenanza.....6

TOTAL.....373



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE OFERTAN 446 PRAZAS PARA AS OPOSICIÓNS A MESTRES E INSPECTORES NO ANO 2015

- ***A oferta de emprego público convocada pola Consellería de Cultura e Educación cobre todas as especialidades de mestres, agás a de francés***
- ***O número de prazas esgota o 50% da taxa de reposición permitido polo Goberno central***

O Consello da Xunta ratificou hoxe, de xeito definitivo, o Decreto polo que se aproba a oferta de 446 prazas para as oposicións a mestres e inspectores que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca neste ano 2015. Trátase de 432 prazas para todas as especialidades do corpo de mestres, agás de francés; e outras 14 prazas para o corpo de inspectores de Educación. No caso do acceso ao corpo de inspectores de educación, realizarase mediante concurso-oposición entre funcionarios de carreira dalgún dos corpos que integran a función pública docente.

Esta oferta de emprego público de prazas de persoal funcionario do corpo de docentes foi elevada á mesa sectorial de Educación celebrada hai unhas semanas. Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia esgota o 50% da taxa de reposición permitido polo Goberno central. Cómpre salientar que o ano pasado esta taxa estaba estipulada no 10% e que, á petición do Goberno galego, o Goberno do Estado incrementouna ata o 50%.

A distribución de prazas será a seguinte:

CORPO DE MESTRES				
Código/especialidade		R. discapacitados	Libre	Total
031	Educación infantil	12	163	175
032	Lingua estranxeira: inglés	3	47	50
034	Educación física	3	32	35
035	Música	3	34	37
036	Pedagogía terapéutica	3	47	50
037	Audición e linguaxe	4	51	55
038	Educación primaria	2	28	30





Total	30	402	432
-------	----	-----	-----

CORPO DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN		
Reserva de discapacitados	Libre	Total
1	13	14



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA O TRANSPORTE SANITARIO POR ESTRADA

- ***O obxectivo é adaptarse e adecuarse á lexislación estatal, co fin de proporcionar seguridade xurídica no ámbito de transporte sanitario en Galicia***
- ***Ademais, créase o Rexistro de Transporte Sanitario que permitirá establecer un maior control por parte da Administración***

O Consello da Xunta acaba de aprobar o Decreto que establece as características técnicas, o equipamento e a dotación de persoal dos distintos vehículos dedicados ao transporte sanitario por estrada.

Esta nova normativa ten como finalidade a adaptación e adecuación da lexislación galega á estatal, coa fin de proporcionar seguridade xurídica no ámbito de transporte sanitario en Galicia.

Ademais, define este transporte como aquel que se realiza para o desprazamento de persoas accidentadas ou enfermas cando concorra unha situación de urxencia que implique risco vital ou dano irreparable para a saúde das persoas afectadas, ou ben cando exista unha imposibilidade física ou outras causas clínicas que impidan ou incapaciten para a utilización do transporte ordinario para acudir a un centro sanitario ou para volver ao domicilio despois de recibir asistencia sanitaria.

No relativo ao persoal das empresas de transporte, establécense novos requirimentos de formación e outórgase as comunidades autónomas a competencia para a expedición dos títulos individuais, que terán validez para todo o territorio estatal.

O persoal condutor ou condutor en funcións de axudante de novo ingreso que preste servizos nestes vehículos deberá contar co certificado de profesionalidade en transporte sanitario, ou ben a titulación de técnico en emerxencias sanitaria segundo se establece no Real decreto 836/2012.

Neste eido, aquel que non dispoña da titulación exixida poderá ser habilitado acreditando a experiencia laboral suficiente durante os prazos que se indican na citada normativa.

Doutra banda, as empresas deben acreditar que o seu persoal cumpre os requisitos de formación esixidos para efectos de poder acadar a certificación técnico sanitaria necesaria para prestar servizos neste ámbito. Ademais, establécese o procedemento administrativo para obter este certificado, que terá unha duración de dos anos en vehículos novos; posteriormente, a renovación será anual, hasta os dez anos de validez.



Creación dun rexistro de transporte sanitario

A creación do Rexistro de Transporte Sanitario, permitirá establecer un maior control por parte da Administración. A súa finalidade é integrar toda a información dispoñible en relación coas certificacións técnico-sanitarias e a información facilitada pola consellería competente en materia de transportes.

Ademais, no rexistro anotarase as renovacións e cambios de titularidade das empresas e dos vehículos.



O OPERADOR PÚBLICO RETEGAL CONSTRUIRÁ CINCO NOVOS CENTROS DE TELECOMUNICACIÓN PREVISTOS NO SEU PLAN SECTORIAL

- *Posibilitarán o acceso á banda larga, a través de 3G, a máis de 1.000 veciños das Pontes de García Rodríguez, Folgoso do Caurel, Xermade, Navia de Suarna e A Pontenova*
- *O plan sectorial do operador público regula axeitadamente as infraestruturas de telecomunicación existentes e formula e planificación das novas*
- *Retegal, dependente da Amtega, xestiona máis de 270 centros de telecomunicacións e unha rede fibra óptica de 1.855 quilómetros cun papel chave para posibilitar a conexión a internet de todos os galegos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto sectorial de Retegal para a construción de cinco novas torres de telecomunicación nos concellos das Pontes de García Rodríguez, Folgoso do Caurel, Xermade, Navia de Suarna e A Pontenova. Estas novas infraestruturas de telecomunicación, que se construírán ao abeiro do novo Plan de banda larga 2020, dotarán de cobertura de internet máis de 1.000 veciños de 96 núcleos.

A ampliación de infraestruturas de Retegal, permitirá acelerar a extensión da banda larga mediante a reutilización destas novas instalacións polos distintos operadores privados, aos cales non lles resulta rendible realizar investimentos en determinadas zonas do territorio galego polo súa orografía e dispersión poboacional.

Plan sectorial de Retegal

Este proxecto enmarcase nas actuacións previstas no Plan Sectorial de Retegal para a implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación que xestiona e que son propiedade da Xunta de Galicia. O plan, declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego en xullo de 2012, regula as infraestruturas públicas existentes e a planificación previa de novos centros de telecomunicación que se abordan con base en proxectos sectoriais como o aprobado hoxe.

Potente rede de telecomunicacións

Retegal, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, conta na actualidade con máis de 270 centros de telecomunicacións e unha rede de fibra óptica de 1.855 quilómetros que están a ser chave na extensión da banda larga en Galicia.

O reforzo das infraestruturas do operador público comezou en 2010 coa construción de novos centros de telecomunicación e a ampliación da rede de fibra óptica existente. Esta actuación está a dotar a Comunidade dunha potente rede de telecomunicacións coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte.



Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través de Retegal, xestiona unha infraestrutura que lle permitirá unha gran capilaridade para achegar a Rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente que ata o de agora non podían acceder aos servizos dixitais máis avanzados.

Plan de banda larga da Xunta

A rede de Retegal foi chave nos despregamentos realizados dentro do Plan de Banda Larga da Xunta e que facilitaron o acceso a internet a máis de 740.000 galegos sen cobertura. Nos últimos catro anos a porcentaxe de galegos que poden contratar o servizo de internet pasou do 71% ata máis do 98% na actualidade.

En 2010 só 2 concellos de toda a Comunidade superaba o 90% de poboación con cobertura. Nos primeiros meses de 2015 serán 309 os municipios galegos con máis do 90% dos seus habitantes con cobertura de internet.

Ademais, grazas ao Plan desde o ano 2013, todos os núcleos e os centros públicos dispoñen de acceso á banda larga de calidade, estamos falando de centros educativos, centros sanitarios, xulgados e casas consistoriais.

No terceiro trimestre do ano aprobarase o Plan de banda larga 2020 para dar resposta á demanda de novos servizos dixitais e prestacións máis avanzadas e para poder cumprir os obxectivos que marca a Axenda Dixital de Europa para o 2020: todos os europeos con acceso a redes de 30Mbps e a metade dos fogares conectados a redes de 100Mbps.



O 012 CONSOLÍDASE COMO A REFERENCIA TELEFÓNICA DA XUNTA PARA INFORMACIÓN AO CIDADÁN

- ***A unificación dos servizos telefónicos da Xunta constituíu un obxectivo primordial dentro das medidas de racionalización e eficiencia postas en marcha polo Goberno galego***
- ***Van ser integrados no 012 o número de información turística; o de información e facturación electrónica e Redexga; e amplíase a área de discapacidade***
- ***Desde que se puxo en marcha a unificación produciuse un aforro de máis de seis millóns de euros para as arcas públicas galegas***

O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza semanal de hoxe autorizar a tramitación do novo Servizo de Atención e Información á cidadanía a través do teléfono 012, polo cal se integran o teléfono de información turística; o teléfono de información sobre facturación eléctrica; e se amplía a área de discapacidade.

Co obxectivo de centralizar toda a información da Xunta de Galicia aos cidadáns, en xuño do ano 2011, a Vicepresidencia da Xunta puxo en marcha o novo teléfono 012, que xuntaba a xestión de varios teléfonos de información que operaban de xeito independente.

Así, o 012 convertíase nunha porta de entrada para o cidadán, a través da cal podería recibir a información e orientación que máis lle interesase. A introdución dun sistema automatizado de atención telefónica permite mellorar os niveis de atención e prestar un mellor servizo á cidadanía, ao permitir a interacción telefónica co sistema as 24 horas do día os 365 días do ano.

Actualmente existe un contrato en vigor que se iniciou no mes de xuño de 2011 e que remata en maio deste ano, polo que está previsto o inicio dun novo contrato con data de 1 de xuño de 2015 cun prazo de duración de 24 meses, prorrogable por igual período cun valor estimado de 4,6 millóns de euros. Tendo en conta que as vantaxes obtidas coa centralización deste servizo foron múltiples, faise necesario iniciar este novo expediente de contratación centralizado para a mesma finalidade, é dicir, a prestación do servizo de atención e información á cidadanía na Xunta de Galicia a través do teléfono 012 .

No 012 xa estaban integrados os teléfonos do agro galego, de información en materia de vivenda (902.100.054); o de información ás mulleres (900.400.273); o teléfono Quérote (902.141.617); o teléfono Xove (902.152.535); o teléfono do Voluntariado (900.400.800); o teléfono de atención aos usuarios do Servizo de Emprego de Galicia (902.125.000 e 902.262.902, para demandantes e empregadores, respectivamente); o teléfono social (900.333.666) coa liña de atención á infancia (116111); teléfono da



dependencia, teléfono de xestión de citas da discapacidade e o teléfono 065; que quedarán todos integrados no 012.

Máis de 6 millóns de aforro

A unificación destes servizos telefónicos constituíu unha medida máis de racionalización e eficiencia na xestión do gasto dentro das tomadas polo actual goberno da Xunta de Galicia. Concretamente, a centralización do 012 representa un aforro de máis de seis millóns de euros nestes catro anos; ademais de supor unha mellora da xestión dunha información fiable, concreta e inmediata, que é o obxectivo primordial deste servizo.

Durante estes catro anos, as vantaxes obtidas con esta centralización foron múltiples, non soamente desde o punto de vista económico senón como mellora na calidade da atención e información á cidadanía, dando lugar a que a día de hoxe o teléfono 012 este consolidado como a referencia telefónica da Xunta de Galicia para a cidadanía.

Melloras grazas á integración telefónica

Grazas a este novo contrato de centralización dos diferentes servizos telefónicos, proporciónase á cidadanía unha xestión eficiente e áxil, que se realiza nunha única chamada.

Coa integración do teléfono de información turística, achégase Galicia á cidadanía e reforza o turismo como fonte de ingresos da Comunidade Autónoma. Coa integración do servizo de información sobre reclamacións de facturación eléctrica, facilítase o asesoramento á cidadanía sobre as facturas de enerxía eléctrica, que xeran un número elevado de consultas e reclamacións debido á súa complexidade; e co servizo de información e soporte á xestión da citación para o recoñecemento na área da discapacidade, engádese ademais da xestión das citas de discapacidade, a información xeral e a información particular sobre esta área.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 700.000 EUROS PARA AMPLIAR E MELLORAR A REDE DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE COSPEITO

- *As obras consistirán principalmente na execución dunha rede formada por unha conducción xeral á cal se conectarán catro ramais. Tamén se reforzará o depósito de Feira do Monte*
- *As parroquias do Pino, Rioaveso, Seixas, Sistalla, Tamoga e Vilapene verán mellorada a súa rede de abastecemento*
- *Esta actuación dará continuidade aos traballos executados nunha primeira fase, na cal se construíu unha potabilizadora e un depósito de 1.500 m³ situado en Infesta*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Cospeito para levar a cabo a segunda fase das obras de infraestruturas hidráulicas neste concello lugués, co obxectivo de ampliar e mellorar a rede de abastecemento existente.

A actuación, que contará cun investimento 709.541 euros, dará continuidade aos traballos executados na primeira fase desta actuación, na cal se construíu unha estación de tratamento de auga potable (ETAP) e un depósito de 1.500 m³, situado en Infesta. Tamén se executou a primeira fase da conducción principal. En total, esa primeira fase supuxo un investimento de 1,4 millóns de euros.

A segunda fase, autorizada hoxe polo Consello da Xunta, consistirá no abastecemento das parroquias de Pino (San Martiño), Rioaveso (Santalla), Seixas (San Pedro), Sistallo (San Xoán), Tamoga (San Xiao) e Vilapene (Santa María).

Con estas obras preténdese dotar de servizo de abastecemento axeitado a maioría das parroquias do concello de Cospeito, garantindo unha subministración de auga en calidade e cantidade á poboación.

Tras a aprobación do proxecto no Consello da Xunta, o seguinte paso será licitación das obras no *Diario Oficial de Galicia*.

Descrición das obras

As obras consistirán principalmente na execución dunha rede en tubaxe de polietileno de alta densidade, formada por unha conducción xeral á cal se conectarán catro ramais. Tamén se reforzará o depósito de Feira do Monte, debido a que a captación da cal se alimenta presenta problemas en época estival, polo que se incluirá unha conexión co propio depósito que ten unha capacidade de 1.500m³ e que ofrecerá un caudal constante de 3,5 l/s, equivalente a uns 300 m³/ día (medio depósito).



A condución xeral terá unha lonxitude total de 5.403 m en tubaxe con diferentes diámetros, de 75, 90, 110 e 125 mm. En canto á valvularía disporase de 9 ventosas nos puntos altos do perfil lonxitudinal, 10 desaugadoiros e 3 válvulas de comporta para permitir o seccionamento en tramos de toda a condución.

O ramal 1 discorrerá pola parroquia do Pino e terá unha lonxitude total duns 2.046,25 m, en tubaxe dun diámetro de 50 mm.

O ramal 2 discorre entre a nova rede xeral e o bombeo existente na zona do Monte, e ten unha lonxitude total duns 1.945 mm, en tubaxe, dos cales 28,76 m irán grampados á ponte ao seu paso polo río Támoga.

O ramal 3 proxéctase dende a conexión coa nova rede xeral ata a zona de Vilar de Arriba, cunha lonxitude de 470 m en tubaxe cun diámetro de 63 mm. Desde este punto prolóngase 770,29 m ata a zona de Vilasuso cun diámetro nominal de 40 mm. Para os valores punta de caudal nas zonas máis elevadas resulta necesaria a elevación presión, polo que se instalará un grupo de presión de 0,37 kW.

O ramal 4, corresponde ao tramo dende a conexión coa nova rede xeral ata a zona das Grandavellas, cunha lonxitude de 1.991,45 m con diámetros de 50, 63, 75 e 90 mm. Instalarase tamén a valvularía precisa.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 591.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE SAN MAMEDE E SANTA CRUZ, NO CONCELLO DE VEDRA

- ***Augas de Galicia, mediante estas actuacións, dotará dun sistema de saneamento colectivo estas parroquias que na actualidade empregan sistemas individuais ou verten as augas residuais directamente á cuneta***
- ***Executarase o saneamento dos núcleos de Neira de Arriba e de Abaixo e unha depuradora e as instalacións para a futura conexión de Angustín, Vista Alegre, Agrelo, Outeiro, Lagoa, Sete e Tomonde, en Santa Cruz de Ribadulla***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Vedra para a execución da primeira fase das obras de saneamento e depuración nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, achega un importe de máis de 591.000 euros para a execución deste proxecto hidráulico, financiando así a totalidade destas actuacións.

Augas de Galicia, mediante estas actuacións, dotará dun sistema de saneamento colectivo as parroquias de San Mamede e Santa Cruz, que na actualidade empregan sistemas individuais ou verten as augas residuais directamente á cuneta. Neste sentido, darase solución aos problemas ambientais e de salubridade que se producen a día de hoxe.

Nesta primeira fase, executarase o saneamento dos núcleos de Neira de Arriba e Neira de Abaixo, ambos na parroquia de San Mamede de Ribadulla no Concello de Vedra, así como unha nova estación depuradora de augas residuais (Edar), e as instalacións necesarias para a futura conexión de Angustín, Vista Alegre, Agrelo, Outeiro, Lagoa, Sete e Tomonde, da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla.

As actuacións que se realizarán consistirán nun treito do colector xeral, que discorrerá paralelo ao río Tomonde e terá unha lonxitude de 431 metros. Proxéctanse tamén seis novos ramais en PVC 315 mm cunha lonxitude total de 1.332 m, dos cales dous verterán directamente á nova Edar.

O colector xeral e os restantes ramais, verterán directamente ao novo bombeo de Neira que impulsará as augas recollidas á EDAR, para isto executarase unha nova impulsión para a totalidade das augas a través dun tramo de 41 metros de polietileno de alta densidade e 90 mm de diámetro.



A nova EDAR constará dos seguintes elementos:

- Pretratamento: sistema de desbaste de finos con limpeza automática e equipamento de deshidratación e compactación de residuos.
- Decantador – dixestor primario, cun volume de decantación 28,5 m³ e volume de dixestión de 44,25 m³.
- Tanque de flotantes: por gravidade recolle flotantes dende o decantador dixestor primario.
- Leito bacteriano de 6,5 m de diámetro e unha altura de recheo de 2,5 metros.
- Decantador – dixestor secundario: cun volume de decantación de 28,5 m³ e un volume de dixestión de 33,9 m³ de dixestión.
- Arqueta de repartición: retornará parte do caudal depurado ao leito bacteriano.



CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 45% A ACHEGA Á USC PARA PROXECTOS DE IMPULSO AO USO DO GALEGO NO EIDO PROFESIONAL E NA REDE

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á addenda do convenio polo que o Centro Ramón Piñeiro realiza tarefas de investigación e promoción da nosa lingua propia***
- ***O obxectivo é fortalecer a presenza e prestixio do galego nas novas tecnoloxías e na linguaxe especializada e académica***
- ***Esta liña de traballo enmárcase na estratexia de fomento ao uso do galego nos eidos económico e social***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de tarefas de investigación e promoción da lingua propia de Galicia no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), que incrementa, ademais, a súa contía nun 45%, ata superar os 192.000 euros.

Nesta ocasión a addenda nas actuacións programadas ao abeiro da addenda afectan o proxecto Servizo de Terminoloxía Galega (Termigal) e a o proxecto Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), centrándose no estudo e promoción do uso profesional do galego a través do fortalecemento da súa presenza nas linguaxes especializadas e, polo tanto, no eido académico, así como nas novas tecnoloxías e na rede. Esta nova actuación enmárcase na estratexia que a Consellería está a desenvolver para o fomento do uso do galego no eido económico e para a súa dinamización no conxunto da sociedade.

Terminoloxía especializada en galego

No caso do Termigal, o encargado de elaborar produtos terminolóxicos que promovan a utilización do galego para a transmisión do coñecemento especializado e para resolver as dúbidas dos usuarios de linguas de especialidade no desenvolvemento do seu labor, a actuación máis sinalada é a creación e mantemento da terminoloxía informática, case inexistente ata o momento.

Dentro deste proxecto avanza, ademais, na preparación dun banco de datos terminolóxicos, denominado TERGAL, que reúna as denominacións galegas recomendadas para un amplo volume de conceptos de especialidade, así como a información conceptual necesaria para identificar cada termo e a súa equivalencia en castelán, portugués e inglés.

O obxectivo é realizar unha compilación destes termos galegos recomendados na rede para o público en xeral, co fin de que as denominacións galegas acaden a maior



difusión posible e, polo tanto, contribúan ao desenvolvemento das linguaxes de especialidade en galego e a unificar as formas validadas transmitidas desde as distintas entidades que traballan en prol da normalización da lingua.

O galego na vangarda

No referido ao CORGA, recursos computacionais abertos e dispoñibles en liña para a súa utilización na comunidade científica, afondarase no sistema de regras da ferramenta etiquetadora-lematizadora que leva asociada (XIADA). Ademais abrírase unha nova liña de traballo para a incorporación de documentos procedentes da internet como blogs, co fin de documentar a presenza do galego na rede; e de rexistros orais (por exemplo guións de series da TVG), de tal forma que o usuario do corpus poida buscar textos e escoitalos.

Estas novas actuacións suporán converter o CORGA nun recurso aínda máis valioso e único, ademais de fortalecer a presenza do galego na vangarda das novas tecnoloxías.

Ao abeiro do convenio coa USC estanse a desenvolver proxectos como o proxecto sintetizador de voz, o Termigal, a base de datos do Atlas Lingüístico Románico, o Código de Dereito Galego en Liña, o proxecto etiquetador-lematizador para o galego actual, e mais o Corpus Documentale Latinum Gallaeciae, traballos todos eles realizados no Centro Ramón Piñeiro.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN COLABORA COA FUNDACIÓN BARRIÉ NAS ACTIVIDADES SOBRE A FIGURA DE VÍCTOR SAÍD ARMESTO

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colabora coa Fundación Barrié na posta dun programa de actividades con motivo do centenario do nacemento de Víctor Said Armesto, que destacou como xornalista, folclorista, filólogo e literato. Segundo o convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o departamento de Cultura realizará unha achega de 30.000 euros para a realización dunha exposición centrada na traxectoria vital e profesional de Víctor Said Armesto, que pode visitarse ata marzo de 2015 na Fundación Barrié da Coruña. Pontevedra e Madrid tamén se inclúen na itinerancia da mostra co apoio do Goberno galego.

A mostra configúrase como unha visión intelectual e humana da súa figura a través do seu legado escrito, e dos que foran os seus amigos e mentores como Manuel Murguía, Miguel de Unamuno, Indalecio Armesto ou Emilia Pardo Bazán, entre outros.

Estas actividades teñen como obxectivo afondar na figura deste pensador pontevedrés, que é bastante descoñecida a pesares de que foi un dos impulsores da Academia Galega, ademais do primeiro catedrático de lingua e literatura galaico- portuguesa da universidade española.



A XUNTA ACTIVA UN PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS VIVENDAS GALEGAS QUE MOBILIZARÁ 13,5 MILLÓNS DE EUROS EN 2015

- ***O Goberno galego reforza o seu apoio ás familias a través de axudas para a mellora das infraestruturas e o emprego de fontes renovables***
- ***Priorízanse o acondicionamento de fiestras, cubertas e fachadas; a renovación de ascensores e a instalación de caldeiras eficientes; e, especificamente no eido rural, a instalación de xeotermia, solar térmica e aerotermia***
- ***As diferentes liñas suman preto de 5 millóns de euros e permitirán acadar un aforro económico anual de 3 millóns evitando a emisión á atmosfera de 10.000 toneladas de CO₂ anuais***
- ***O plan dinamiza as actividades do sector dos instaladores, así como a industria da lousa, o granito e a tella, impulsando a creación ou mantemento de arredor de 230 postos de traballo***
- ***No eido das renovables, o consello informou tamén hoxe da ampliación da liña para a instalación de caldeiras de biomasa que, debido a súa boa acollida, suma 2,6 millóns máis e acada un total de 12 millóns***
- ***O plan de aforro e eficiencia enerxética en vivenda xunto co impulso da biomasa mobilizarán, neste 2015, un total de 37 millóns***

A eficiencia enerxética e o impulso das fontes renovables configúranse como dous dos piares básicos de actuación na política enerxética do Goberno galego. Por este motivo, o Consello da Xunta coñeceu hoxe un innovador plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas galegas que mobilizará, ao longo deste ano, 13,5 millóns de euros a través de distintos programas de actuación.

Deste xeito, o Goberno galego reforza o seu apoio ás familias, a través de distintas liñas de axudas que suman preto de 5 millóns de euros e que están destinadas a dous campos de actuación: a mellora das infraestruturas cara a construcións máis eficientes e o emprego de fontes de enerxía renovables. Ao mesmo tempo, o plan permitirá estimular a innovación nas tecnoloxías vinculadas coas enerxías renovables, dinamizar o sector dos instaladores, así como a industria da lousa, o granito e a tella, e impulsar a creación ou mantemento de arredor de 230 postos de traballo. O desenvolvemento de todas as actuacións permitirá acadar un aforro económico conxunto de 3 millóns de euros ao ano, que evitará a emisión á atmosfera de máis de 10.000 toneladas de CO₂ anuais.

Para acadar estes obxectivos, no eido relativo á mellora das infraestruturas fomentárase o acondicionamento de fiestras, cubertas e fachadas, a renovación de ascensores e a instalación de caldeiras eficientes. Neste sentido, xunto á unha nova orde de axudas para a rehabilitación de ventás, co fin de acadar melloras significativas nas vivendas co conseguinte aforro en termos económicos, o plan inclúe unha nova



edición do Renove de lousa, granito e tella co obxectivo de fomentar, por segundo ano consecutivo, tanto a renovación de cubertas de edificios de vivendas empregando a lousa e as tellas, como a rehabilitación con granito das fachadas. Deste xeito, contribúese á dinamización destes tres sectores impulsando a industria da construción a través do incremento da demanda e a instalación destes materiais.

Así mesmo, facilítase á renovación total ou parcial de ascensores pertencentes a comunidades de propietarios. Estas máquinas teñen un uso intensivo e supoñen unha parte importante do consumo enerxético dun edificio. Neste sentido, o mercado actual ofrece aparellos máis seguros e eficientes que contarán, para a súa instalación, con axudas de ata o 50% do custo do proxecto. Unha orde que se complementa con outra habilitada para a instalación de caldeiras máis eficientes.

Fomento de equipamentos con fontes renovables

Pola súa banda, e especificamente dirixido ao ámbito rural, o plan promoverá a instalación de equipamentos de xeotermia, solar térmica e aerotermia no rural galego, cuxos beneficiarios, como sucede coas caldeiras de biomasa, poderán solicitar, ademais, a dedución do 5% na súa declaración da renda, establecida polo Goberno galego para fomentar a instalación deste tipo de equipamentos que empregan fontes renovables.

Neste sentido, activarase o plan específico para a implantación de equipamentos de xeotermia, que permite impulsar instalacións que xeran aforros económicos de ata o 70%. Así, un equipo de xeotermia diminúe en máis de 700 euros o gasto en combustible nunha economía familiar con respecto ao gasóleo, cifra que se sitúa arredor duns 12.000 euros para unha comunidade de propietarios. Ademais, inclúese unha orde específica para a instalación de equipamentos térmicos de solar térmica e aerotermia para fomentar a instalación destes equipamentos.

2,6 millóns máis para biomasa

Deste xeito, o Goberno galego mantén a súa aposta polas fontes renovables, manifestada coa Estratexia integral de impulso da biomasa en Galicia. Esta busca potenciar unha industria con claros beneficios ambientais, enerxéticos e económicos, cunha especial incidencia no medio rural galego. Neste contexto, o Consello da Xunta informou dunha ampliación de 2,6 millóns á orde para a instalación de caldeiras de biomasa.

A boa acollida desta liña, activada por segundo ano consecutivo o pasado mes de febreiro, ten impulsado este incremento orzamentario, que se suma aos 9,3 millóns iniciais, ata acadar un total de 12 millóns de euros, o que permitirá a instalación de máis de mil equipamentos de biomasa en familias, empresas e administración pública galega.



Así, co Plan de aforro e eficiencia enerxética en vivendas sumado á orde de axudas para a instalación de caldeiras de biomasa, o Goberno galego está destinando un total de 16,5 millóns ao aforro enerxético en 2015 a través do fomento de medidas de eficiencia e do impulso de equipamentos que empregan fontes renovables. Un investimento que permitirá mobilizar 37 millóns de euros e xerar un aforro económico global de 8 millóns de euros nos fogares, nas empresas e na administración pública.



A XUNTA REFORZA A SÚA APOSTA POLA INNOVACIÓN CON DÚAS NOVAS ACELERADORAS DE PEMES EN OURENSE E LUGO

- ***O Goberno galego impulsa a creación dos espazos AgroBiotech, que buscan favorecer o desenvolvemento e consolidación de proxectos vinculados aos sectores agroalimentario, biotecnolóxico e da biomasa***
- ***A aceleradora ourensá situarase no Parque Tecnolóxico de Galicia, en San Cibrao das Viñas, mentres que o espazo lucense estará no Centro Tecnolóxico Alimentario (CETAL)***
- ***A iniciativa dá continuidade ao traballo levado a cabo en VíaVigo e busca incrementar o potencial innovador das pemes participantes, favorecendo a realización de novos produtos e servizos e facilitando a transferencia e o acceso á información entre as empresas participantes***
- ***A actuación, que conta cun orzamento de 750.000 euros para o primeiro ano, ten vocación de permanencia e beneficiará neste período a 15 pemes innovadoras***
- ***A Xunta prosegue así coa implantación de aceleradoras na Comunidade tras a posta en marcha de Galicia Open Future en Santiago, e de VíaVigo en Porto do Molle, destinando un total de 3 millóns de euros a todos estes espazos***

O Goberno galego, na súa aposta polo innovación, está a desenvolver un marco integral de apoio a iniciativas empresariais galegas. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe a creación de dúas novas aceleradoras para pemes innovadoras e empresas de base tecnolóxica galegas en fase de consolidación, que se situarán nas provincias de Lugo e Ourense.

A través destes espazos, denominados AgroBiotech aspírase a favorecer o desenvolvemento de proxectos vinculados aos sectores agroalimentario, biotecnolóxico e da biomasa, e contribuír á dinamización empresarial das dúas provincias.

A aceleradora ourensá situarase no Parque Tecnolóxico de Galicia, en San Cibrao das Viñas, mentres que o espazo lucense estará no Centro Tecnolóxico Alimentario (CETAL). Ambas as iniciativas aumentarán o potencial innovador das pemes participantes favorecendo o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores que facilitan o acceso a novos mercados. Ademais, ao compartiren o mesmo espazo, as empresas poderán establecer relacións cos novos socios facilitándose a transferencia de coñecemento e o acceso á información entre elas.

Un traballo conxunto que permitirá tamén incrementar a capacidade de captación de financiamento privado e público europeo no marco do Horizonte 2020, cuxas ferramentas financeiras reservan máis de 80.000 millóns para a innovación.



Para acadar estas metas, a Axencia Galega de Innovación destinará ao programa 750.000 euros no primeiro ano, co obxectivo de beneficiar a 15 pemes innovadoras no marco dun programa que ten vocación de permanencia.

Así, o Goberno galego non só presta apoio ás pemes innovadoras con posibilidades de medrar e gañar tamaño, senón que aspira a impulsar un crecemento empresarial innovador apoiado nun modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. Deste xeito, contribúese á xeración de riqueza e emprego de alto valor engadido.

Itinerarios individuais

Os espazos AgroBiotech teñen un marcado carácter práctico que contempla a realización de itinerarios individuais para cada empresa. Neste sentido, as pemes beneficiarias contarán con sesións de traballo individuais con mentores de recoñecido prestixio, disporán dun plan de traballo personalizado orientado a reforzar o modelo de negocio e acelerar o proxecto empresarial, e terán á súa disposición asesoramento e formación concreta en distintos ámbitos como o comercial, o fiscal ou o de protección intelectual.

Así mesmo, a iniciativa contempla outra serie de actuacións transversais abertas a todos os participantes, como a celebración de talleres prácticos grupais ou o acceso aos servizos e laboratorios do Parque Tecnolóxico de Galicia e do CETAL, así como do CIS Madeira.

Neste sentido, coa activación destas dúas aceleradoras en Lugo e Ourense, o Goberno galego da continuidade á implantación destes espazos na Comunidade tras a posta en marcha de Galicia Open Future en Santiago, e de VíaVigo en Porto do Molle, destinando un total de 3 millóns de euros ás catro aceleradoras.

A través das aceleradoras AgroBiotech, a Xunta de Galicia segue a impulsar o emprendemento innovador na Comunidade contribuíndo, no marco da Estratexia de especialización intelixente (RIS3), a apoiar o talento innovador daquelas empresas galegas que se atopan en fase de crecemento.



O PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS INTENSIFICARÁ A PROTECCIÓN DOS USUARIOS E OS CONTROIS SOBRE A CALIDADE DA ATENCIÓN

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta da folla de ruta marcada para este ano***
- ***Entre as prioridades fixadas, inspeccionarase unha elevada porcentaxe dos servizos de carácter residencial de maiores, discapacidade ou dependencia, así como o 100 por cento dos centros de menores***
- ***Tramitaranse a totalidade das queixas que se presenten e avanzarase na coordinación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co rexistro sanitario***

O Plan de inspección de servizos sociais para 2015 ten previsto, entre outros obxectivos, intensificar a protección dos usuarios, así como incrementar os controis sobre a calidade da atención que se presta nas distintas instalacións e recursos.

Así o recolle o informe que dá conta da folla de ruta do servizo para este exercicio, e que foi coñecido hoxe polo Consello da Xunta. En total, está previsto que a Inspección de Servizos Sociais, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, realice preto de 1.400 actuacións. Nestas actuacións inclúense tanto as previstas no plan anual, como aquelas acordadas ao longo do ano ou as que deriven de necesidades sobrevidas ou circunstancias excepcionais.

As principais finalidades desta planificación son velar polo respecto aos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, especialmente daquelas que reciben atención residencial; impulsar a implantación de medidas de mellora da calidade nos servizos sociais, tanto públicos como privados; velar polo axeitado emprego das axudas e subvencións concedidas e polo cumprimento das cláusulas contractuais e dos convenios asinados pola Consellería nesta área; e propoñer medidas para incrementar a eficiencia da oferta de servizos sociais.

Xa no que se refire a obxectivos máis concretos, e en liña coas prioridades fixadas, cabe destacar que de novo se garantirá a inspección dunha elevada porcentaxe dos servizos de carácter residencial das áreas de maiores, discapacidade, inclusión e dependencia; así como do 100 por cento dos centros de menores.

Tamén se fará especial fincapé no seguimento doutros centros como os puntos de encontro familiar ou de programas como as entidades colaboradoras no programa de adopción internacional.



Xa no que se refire ao eido da información e asesoramento, este ano seguirase avanzando na coordinación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co rexistro sanitario co fin de facilitar a verificación daquelas entidades que teñen concedidas autorizacións sanitarias para a prestación de servizos ás persoas en situación de dependencia. Tamén se incorporará ao RUEPSS información sobre o financiamento que recibiron en 2014 as entidades inscritas por parte da área de benestar.

Ademais, igual que en exercicios anteriores, continuarase realizando un seguimento dos contratos e convenios coas entidades privadas, ou do servizo de transporte adaptado.

Ao mesmo tempo, avanzarse na formación continua do persoal e desenvolverase a cuarta edición do "curso de capacitación para o desempeño da función da inspección de servizos sociais". Terá unha duración de 120 horas e impartirase na modalidade mixta, de formación presencial e teleformación, no marco do programa de formación da Consellería para o ano 2015, en colaboración coa EGAP.

